



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE VIGO  
VIGO

ENTRADA 4028 / RX 90227

Data 12/01/2018 12:21:25



César A. Pérez Ares

Xefe territorial de educación de Pontevedra

Avda. Fernández Ladreda 43 - 8º pl. 36003 Pontevedra

**Os colectivos e asociacións adheridos ao presente manifesto expresan o seu rexeitamento á proposta de zonificación remitida por Inspección Educativa e solicitan a paralización da súa tramitación.**

Este rexeitamento, conxunto e unánime, baséase nos seguintes puntos:

- I) A proposta remitida non está fundamentada. Non inclúe análise da situación actual, exposición de motivos, criterios aplicados ou razóns que sustentan as decisións tomadas.
- II) A delimitación de zonas escolares e delimitación de servizos establecida na proposta non garanten o acceso a prazas escolares de ensino público en igualdade de condicións e a dotación dos centros públicos. A proposta non aborda os defectos sistémicos e estruturais que fan perigar a supervivencia dos proxectos educativos en algúns dos centros de titularidade pública da nosa cidade a curto ou medio prazo e que, por outra banda, favorecen desequilibrios nas ratios de alumnado na aula entre centros.
- III) A proposta non aplica un criterio de igualdade, entre o ensino público e o concertado, en relación á oferta e adscrición de prazas en centros de secundaria. Todos/as os/as escolares deben cursar os seus estudos coa maior proximidade posible. Pero a realidade prioritaria, respecto da proximidade, debe ser a dos/as escolares que entran a cursar a ESO fronte á dos que se cambian de centro en Bacharelato.

Evidentemente, debe garantizarse unha praza pública aos/ás estudantes que mudan de centro para cursar o Bacharelato, pero de ningún xeito iso pode supoñer unha limitación de prazas públicas próximas en etapas anteriores, etapas de ensino obrigatorio que cursan, nenos e nenas, catro anos máis novos.

Polas razóns anteriormente expostas solicítase a volta desta proposta ao seu punto de partida e a paralización, polo tanto, da súa tramitación. Solicítase tamén que, dada a importancia que esta cuestión implica para a comunidade educativa da cidade, o proceso de elaboración dunha nova proposta sexa participativo, reflexivo, transparente e consensuado.

Este manifesto, resultado do debate conxunto das forzas vivas da cidade de Vigo, amosa que é posible a procura do consenso. Xuntos, dicimos **NON A ESTA PROPOSTA DE ZONIFICACIÓN ESCOLAR.**

ANPE Pontevedra - Vigo

Asociación Veciñal "Emilio Crespo" de Navia

Asociación Veciñal de Teis

Asociación Veciñal Novo Vigo

BNG

CCOO

Central Unitaria de Traballadoras

Centro Cultural Rueiro

CIG Ensino

Compromiso por Galicia Vigo

Comunidade educativa IES de Teis

FETE UXT Vigo

Grupo Municipal da Marea de Vigo

Mesa de directores/as (ADICOPUVI): en apoio aos centros prexudicados polo proxecto de zonificación

Movemento cidadán "O noso barrio"

PSOE

Sindicato de Estudantes

STEG

Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e comarca

CUT



